

**MISA CON NENOS**

**30 dec de 2018 Nadal-Sagrada Familia-C**

*Lucas 2,41-52: "Xesús ía crescendo en sabedoría,  
en estatura e en graza".*

*Mensaxe: Xesús nace nunha FAMILIA.  
AMA e COIDA a túa.*



***Xesús nace nunha  
FAMILIA.  
AMA e COIDA a túa.***

## 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Hai uns días celebrabamos o Nadal, Deus que se fixo un dos nosos e veu compartir a nosa vida. Hoxe contemplamos a aquel neno formando parte dunha familia humana como as nosas, con María e Xosé que o coidan e quéreno. Recordemos, pois este domingo a Sagrada Familia de Xesús, María e Xosé. E recemos tamén polas nosas familias e por todas as familias do mundo coas súas alegrías, temores e esperanzas, que Deus as bendiga a todas e sexan “comunidades de vida e de amor”.



*(Na procesión de entrada podía ir algunha familia cos seus fillos ou un póster da Sagrada Familia ou un pergamiño cunha oración pola familia).*

**SAÚDO:** Bendigamos a Deus que quere ser un máis da nosa familia. Que a súa paz, o seu amor e a súa graza sexan convosco.

## 2. PETICIÓNS:

*(Sacerdote):* Pidamos perdón polas nosas faltas cara ás nosas familias, cara á familia do mundo e cara á familia da Igrexa:

*-(Posible neno-a)* Porque na nosa familia non regalamos amor, perdón e alegría ao noso ao redor. *Señor, ten piedade de nós.*

*-(Posible catequista)* Porque na familia do mundo non sabemos coidar o que é de todos e non creamos concordia e paz. *Cristo, ten piedade de nós.*

*-(Posible pai-nai)* Porque non queremos o suficiente á familia da igrexa e desprestixiámola. *Señor, ten piedade de nós.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas fálannos de que na familia debe reinar a humildade, a dozura, a comprensión, a fortaleza, a unión e o amor. Isto non aforra os conflitos xeracionais e as dificultades para entenderse. Tampouco Xosé e María comprenden as palabras de Xesús. Pero aquela familia de Nazaré sae adiante, ata no medio de dificultades. É en período de proba onde se ve a grandeza e profundidade do amor.




### 4. CREDO DAS FAMILIAS:

*--Creedes en Deus que é Pai da gran familia da humanidade e que nos creou familia?*

*--Creedes en Xesucristo, o seu fillo, o noso señor, que naceu no seo da sagrada familia de Nazaré, que morreu e resucitou, e que nos uniu como comunidade cos lazos do amor e da fe?*

*--Creedes no Espírito Santo, que é o vínculo de unidade das nosas familias, na gran familia dos cristiáns, que é a Igrexa, na comunión dos santos, coa familia do ceo, no perdón dos pecados, nas relacións fraternas, familiares e comunitarias, na resurrección dos mortos e na vida eterna?*



## 5. PETICIÓNES:

*(Sacerdote)* Unidos na oración facemos chegar ao Pai as nosas necesidades, dicindo:

**R. Bendí as familias, Señor.**

1. Que non lle falte aos matrimonios o viño novo do amor e da dozura.  
**Oremos.**
2. Que as familias saiban transmitir a confianza, a fidelidade, o compartir, a renuncia. **Oremos.**
3. Que as familias atopen momentos para orar, para vivir e celebrar a fe.  
**Oremos.**
4. Que as familias en crises busquen o encontro, a comprensión, o diálogo, a paz e o perdón. **Oremos.**
5. Que as mulleres non sexan maltratadas nos seus fogares, nin os nenos morran antes de nacer. **Oremos.**
5. Que os mozos que non creen posible vivir un amor estable e duradeiro vexan a realidade de tantas parellas que se queren e únense para sempre. **Oremos.**
6. Que os nenos non choren ante a posibilidade de ver roto o ambiente protector dos seus soños. **Oremos.**
7. Que nós, que falamos de Ti como Pai, presentémosche con xestos e palabras familiares. **Oremos.**

*(Sacerdote)* Señor, que ao ver ás nosas familias descubramos a Deus Pai que nos ama e perdoo. Por XCNS.

## 6. RENOVACIÓN DO COMPROMISO MATRIMONIAL Vodas de Ouro ou de Prata

### SACERDOTE:

Irmáns: Ao recordar e celebrar que hai cincuenta ou vinte e cinco anos que unistes as vosas vidas polo sacramento do Matrimonio, queredes agradecer estes anos e renovar diante do Señor as promesas que mutuamente vos fixestes. Para que a graza de Deus confirme estas promesas, dirixide as vosas oracións ao Señor:



### ESPOSOS:

Bendito sexas, Señor, porque nos asistiches amorosamente nas alegrías e nas penas da nosa vida. Pedímosche que nos axudes a gardar fielmente o noso amor mutuo para que continuemos sendo fieis testemuñas do teu amor.

### SACERDOTE:

O Señor vos garde todos os días da vosa vida. Que El sexa para vós consolo na dor, compañeiro na alegría e envíe abundantemente sobre vós e sobre os vosos fillos e familiares as súas bendicións.

## **7. OFRENDAS:**

### **- CESTA DE FRUTAS SGDA:**

Con esta cesta de froitas queremos representar neste día a vida, a cor e o encanto da familia. Os froitos dunha sociedade dependerán en parte da saúde de todas as familias que compoñen esa realidade.

### **- GRAZAS:**

Coa palabra “grazas” simbolizamos a gratitude a todos os pais que fan posible unha comunidade de fe e de amor nos seus fogares.

### **- PAN E O VIÑO:**

Co pan e o viño levamos ata o altar os ideais, sufrimentos, proxectos e empeño de tantas persoas por sacar adiante as súas familias coa axuda de Deus e do evanxeo.

## 8. ADORACIÓN DO NENO

Que o bico ou o xesto de adoración que imos facer agora ao achegarnos á imaxe do Neno Xesús, sexa a nosa sinatura do compromiso contraído de vivir nas nosas familias a dozura, a paz, a alegría, o respecto mutuo, o amor incondicional.

## 9. SUXESTIÓNS:

- Celebramos xuntos o día da familia o domingo. Facemos algún cartel.
- Vemos como orar nalgún momento do día en familia e dicimos como coidala.
- Non esquecemos na familia a fe, orar xuntos, ir ao templo, as cousas do Pai.
- Facemos algunha celebración a carón do Belén.
- Preparade a eucaristía deste domingo: na procesión de entrada podía ir algunha familia cos seus fillos ou o póster da Sagrada. Familia. Nas ofrendas ofrecemos unha cordo connosco (o amor que fai posible a unión de todos) e un pergamiño coa oración pola familia?
- Facemos a renovación do compromiso matrimonial dos matrimonios presentes.
- Pensamos nalgún xesto ou petición polas familias necesitadas.
- Podemos facer referencia ás tres familias ás que pertencemos: familia de sangue, sociedade e igrexa.
- Seguindo os debuxos de Fano facemos un recordo ás familias pateira, ás feministas onde Xosé coida do neno e María sostén o bastón, ao esencial da familia que é **amar de corazón** (amazon)?...



-Facer a árbore xenealóxica da familia: pais, avós, bisavós...



Rede de Catequistas Galicia  
Delegacións de Catequese